

Solicitud de Convocatoria do Consello da Memoria Democrática

a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas da exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, a Guerra Civil e da represión da Ditadura, e posíbeis medidas a adoptar.

- O 27 de novembro de 2019 celebra reunión o Consello. Xunto coa convocatoria emitida, dase traslado, xunto a outros documentos, do Decreto da Alcaldía 6632/2019 de “Designación integrantes Consello Memoria Democrática (Expediente CI1/2019/520 de 04 de novembro de 2019) para a constitución do novo Consello. Ademais desta cuestión, e entre outros asuntos abordase novamente a toma de coñecemento dos estudos destinados á recuperación do inmovible Casa Cornide e a súa declaración como BIC, a toma de coñecemento da marcha dos estudos sobre a retirada da simboloxía franquista, realizados polo Grupo de Traballo liderado polo Instituto José Cornide, proposto polo Consello do 28 de febreiro de 2019. Deste Consello nacen tres novos grupos de traballo. Dous referidos á casa Cornide (un de investigación histórica e outro para a realización dun informe xurídico) e outro para a investigación da simboloxía franquista. Ademais abriuse expediente para solicitar á Xunta de Galiza a solicitude de declaración como BIC da Casa Cornide.
 - O 17 de novembro de 2021 celebra reunión o Consello, abordándose, entre outros asuntos a Recuperación do inmovible Casa Cornide e a súa declaración como BIC (Informe Histórico Instituto Cornide, Informe Histórico Artístico Tomos-Vigo Trasancos e Informe Xurídico da UDC), o Informe do grupo de traballo da Memoria Democrática para a aplicación da Lei de Memoria Histórica no Concello da Coruña, en relación coa denominación de rúas, avenidas e prazas da cidade. Como asunto relevante na orde do día tamén estaba, e entre outras cuestións a posta en marcha da Oficina de Atención ás Vítimas”.
2. Con data 24 de abril de 2023, quen era daquela presidente da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, Fernando Souto (e membro do Consello da Memoria Democrática), presentaba escrito no rexistro telemático do Concello da Coruña, solicitando formalmente a convocatoria do Consello onde se lembraba daquela o réxime de reunións recollido nas normas citadas con anterioridade, isto é, o Pleno do Consello reunirse ao menos unha vez ao semestre en sesión ordinaria².

² Anexo 1, apartado C, punto 6.



memoriadacoruna.gal
Info@memoriadacoruna.gal
facebook.com/memoriadacoruna
Twitter: @corunamemoria
Instagram: @memoriacoruna

Solicitud de Convocatoria do Consello da Memoria Democrática

3. Dos antecedentes anteriormente descritos é evidente que o Consello incumpriu sempre as normas de funcionamento ao respecto das convocatorias, non atendendo tampouco a solicitude presentada hai case un ano e medio por parte da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña para que se convocase sesión do Consello da Memoria Democrática da Coruña.

En base aos antecedentes e consideración manifestadas no corpo deste escrito, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña

SOLICITA

A convocatoria dun Pleno Ordinario, previa a actualización da composición do Consello da Memoria Democrática de acordo coas normas de funcionamento acordadas no seu día, solicitude esta que reiteramos novamente diante da Presidenta deste órgano

En A Coruña, a 11 de novembro de 2024

O Presidente da CRMH da Coruña

EXMA. SRA. ALCALDESA DA CORUÑA
SRA. PRESIDENTA DO CONSELLO DA MEMORIA DEMOCRÁTICA DA CORUÑA